



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2022

**ANDREA MACEIRAS
UN OCÉANO AZUL TINTA**



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg.gal



Deputación
DA CORUÑA

UN OCÉANO AZUL TINTA:

A LIX A TRAVÉS DO MAR

Andrea Maceiras



CARTA DE NAVEGACIÓN

1. O MAR DA NOSTALXIA <i>Santoamara</i> , Antonio Manuel Fraga <i>O corazón de Xúpiter</i> , Leticia Costas	2. O MAR DA MORTE E DA VIDA <i>Volverás, golfiño</i> , Andrea Maceiras <i>Ardora</i> , Beatriz Maceda <i>Candorcas e unicornios</i> , María Canosa <i>Xelis, o guieiro das botellas de mar</i> , Rosa Aneiros
3. O MAR DO INESPERADO <i>A chave da Atlántida</i> , Anxo Fariña <i>Mil cousas poden pasar</i> , J. Fernández Serrano <i>Tres bichicomas, dúas illas e unha serea</i> , Rosa Aneiros	4. O MAR DA ESPERANZA <i>Nena e o mar</i> , Érica Esmoris <i>Sireno, Sireno!</i> , An Alfaya
5. O MAR DA HISTORIA <i>The Corunna Boats</i> , Xelis de Toro <i>A expedición do Pacífico</i> , Marilar Aleixandre <i>Os nenos da variola</i> , María Solar	6. O MAR DAS MULLERES LIBRES <i>Bandeiras negras</i> , A.M. Galego Gen <i>Denébola a Roxa</i> , Héctor Cajaraville <i>O tesouro da corsaria</i> , Rafael Lema
7. O MAR DO AMOR <i>O noso amor será eterno</i> , Rivadulla Corcón <i>Amar a unha serea</i> , Rivadulla Corcón	8. O MAR DAS LENDAS <i>Sari, soñador de mares</i> , Marcos Calveiro <i>Chamádeme Simbad</i> , Francisco Castro
9. O MAR MAIOR <i>Poemar o mar</i> , Antonio García Teijeiro <i>Cidades</i> , Fran Alonso <i>Carabela</i> , Paula Carballeira	10. O MAR DOS SEGREDOS <i>O soño da serpe</i> , Antonio Seijas <i>O segredo da Pedra Figueira</i> , María Xosé Queizán
11. FINAL DO PERCORRIDO	

INTRODUCCIÓN

Lugar da parada: estatua de *Serea*



Serea, María Jesús Urgoiti.

Este percorrido está escrito en cor azul.

Azul Atlántico.

Azul infancia e mocidade.

Azul literatura.

Este percorrido avanza devagar pola beira do océano Atlántico e ondúlase nas súas augas, bravas ou lenes, profundas ou superficiais. Desde ben antigo os homes e mulleres relacionaron o mar coa literatura, cos sentimentos, coa esencia da nosa identidade. Algo hai na ondada que flúe do

mesmo modo que a palabra, que atrapa o fío do pensamento, que convida a soñar historias. Precisamente por iso neste paseo gustaríame convidarvos a mirar estas augas con ollos novos, como nenos e nenas, como os e as adolescentes que sodes ou que un día fostes. E así, con este océano como compañeiro de ruta, imos mergullarnos nunha morea de obras da nosa literatura infantil e xuvenil que teñen un especial vínculo con este mar que nos trae e nos leva.

Non é a miña intención facer unha listaxe exhaustiva de todas elas: son consciente de que hai numerosas ausencias porque o mar constitúe unha fonte de inspiración inesgotable. Esta é só unha pequena proposta (unha de tantas que poderían facerse) que nos convida a volver a nosa mirada cara o Atlántico para perdernos nas súas augas internas e externas: nos pasos que desvelan a terra, nas cavilacións que se perden nas profundidades, nas emocións que se ondulan ao devalo.

Benvidos, benvidas a este océano azul tinta.

O noso percorrido iníciase nun lugar moi especial. Esta é a estatua de *Serea*, obra da escultora vasca María Jesús Urgoiti. *Serea* non ten ás como na mitoloxía clásica, nin cola como no conto de Andersen. En realidade, desafía un pouco a nosa idea do que é unha serea, malia que unha vez que coñecemos o seu nome, tampouco dubidamos de que o sexa. Unha das cousas máis interesantes de *Serea* é que non mira o mar: míranos a cada un e a cada unha de nós. Isto faime pensar que *Serea* é un pouco como a literatura. E as obras das que imos falar son tamén como *Serea*. Son variadas, están escritas cada unha cunha tinta distinta. Pero en todas aparece o océano que nos percorre, a parte de auga que levamos dentro e que nos fai ser quen somos. Distintos e singulares, frescos e profundos, así son os mares que bañan a nosa literatura infantil e xuvenil.

E, como podedes observar na nosa carta de navegación, neste roteiro imos facer unha parada por cada mar, ata contar (máis alá dos sete mares) once océanos distintos das nosas letras.

1. O MAR DA NOSTALXIA.

Lugar da parada: miradoiro de Santo Amaro



Miradoiro de Santo Amaro

O primeiro destes mares témolo xusto ao noso carón. É o Mar da Nostalxia e dentro das súas augas imos comezar a falar de *Santoamaro* (Xerais, 2021), novela coa que o autor Antonio Manuel Fraga gañou o premio Jules Verne 2020.

A historia conta as vivencias dun grupo de doce rapaces e rapazas que acaban de rematar o bacharelato e desfrutan do que tal vez sexa o seu último verán xuntos. A praia de Santo Amaro ten unhas gradas que se aproveitan nalgunhas noites de verán para representar obras de teatro sobre a area. Así concibiu Fraga esta historia: como un híbrido entre a novela e o xénero dramático, un relato tecido a cabalo entre dous xéneros. Imaxinemos a praia nunha noite cálida. Os protagonistas están nese escenario de area, situados baixo un foco que alumea cada unha das súas historias cotiás,

realistas e propias. Entón, sucede algo inesperado que rompe a ledicia das vacacións. Este feito cambia a vida dos personaxes, obrigándoos a elixir o camiño polo que transitar cara a adultez, a tomar conciencia da realidade da vida, do amor e da amizade. O mar amósase nesta historia como un axente de unión, pero tamén de cambio. Porque mirar as augas desde a costa invita a pescudar na súa profundidade e a abrir os ollos baixo a auga, por moito que nos proa a sal das profundidades.

O océano é visto por moitas culturas como un elemento iniciático, como se despois de bañarnos nas súas ondas non fósemos xa os mesmos; algo hai na súa infinitude capaz de transmutarnos, case a modo de rito de paso. Así sucede na obra *O corazón de Xúpiter* (Xerais, 2012) de Ledicia Costas, Premio Neira Vilas e Premio da AELG de literatura infantil e xuvenil. Nesta historia a rapaza protagonista, Isla, coñece a Xúpiter a través de internet nun foro de astronomía. Isla é unha moza solitaria á que lle está custando adaptarse á súa nova vida e Xúpiter parece capaz de axudala. Por iso quedan para verse en persoa nunha noite de San Xoán, na praia do Orzán, moi próxima ao lugar no que nos atopamos. O mar escuro e embravecido anticipa un desenlace do que non se pode desvelar nin unha palabra, pero que axita ao lector ou lectora con toda a forza da súa ondada.

Santoamaro e *O corazón de Xúpiter* son obras xuvenís de descuberta e transición, ambas as dúas bañadas polo Mar da Nostalgia, aínda que de formas distintas. Algunhas veces os mares son tan próximos a nós que nos parece que nos pertencen, por máis que nunca cheguemos a coñecer a amplitude das súas augas. Especialmente na mocidade o mar reflicte o descoñecido, advirte do perigoso, do inevitable. Tamén se abre cara a eternidade dos sonhos, marcando o camiño do horizonte. Durante esa breve eternidade que supón a adolescencia, as ondas sostéñennos no alto un intre para logo arrastrarnos ata a outra beira. E desde alí só queda mirar á praia do pasado con nostalgia, lembrando o brillo do sol sobre aquelas areas que xa quedaron atrás. Ás veces, como no *O corazón de Xúpiter*, de forma definitiva. E outras, como en *Santoamaro*, como inicio dunha nova historia, co desexo de atopar no seguinte porto a esperanza que críamos perdida.

E así, dunha historia á outra, avanzamos ata a seguinte parada do noso percorrido.

2. O MAR DA ESPERANZA.

Lugar da parada: vista do faro de Mera desde o paseo do Serpent



Vista do faro de Mera desde o paseo do Serpent

Unha das particularidades de vivir nunha cidade con mar é a de poder mirar ao outro lado das augas e ver as costas veciñas, tan próximas e ao tempo tan distantes, nun xogo de espellos que nos achega e nos afasta da outra beira. Desde este punto, podemos divisar o perfil do faro de Mera. Non hai costa que non estea alumeada por un faro que dote de esperanza o mar que preside. Porque os faros simbolizan a luz que guía aos navegantes perdidos, proporcionan orientación a quen a precisa, son a un tempo compás e claridade. E poden converterse tamén de forma simbólica en protagonistas de historias insospeitadas.

Un dos faros máis especiais que podemos atopar na nosa LIX é o de Porto Balea. Este é o faro que baña coa súa luz a obra *Nena e o mar* (Xerais, 2015) Premio Merlín 2015, da autora Érica Esmorís.

Nesta obra, a protagonista é unha nena que vive nunha vila onde todos os seus habitantes son anciáns que xa perderon a esperanza. Un día Otto, o pai de Nena, desaparece nunha das súas saídas ao mar. E Nena emprende unha viaxe increíble na súa pequena barquiña para salvar o seu pai que naufragou na Illa das Sereas. A axuda do fareiro Noon será crucial na tenra aventura de Nena. Existen luces que nos chaman a emprender a aventura, outras que nos guían de regreso a casa. E tamén mares que se converten en cómplices de historias pequenas na súa aparencia, pero grandes no fondo, igual que a de Nena.

Precisamente esta historia lévanos a outra protagonizada por un neno que tamén sofre a perda do seu pai, neste caso nun accidente de coche. Estamos a falar de *Sireno, Sireno* (Xerais, 1997) de An Alfaya, Premio Merlín, na que o protagonista atopa consolo á perda do seu pai a través do debuxo, que sempre pinta en branco e negro. O seu outro conforto é a estatua do Sireno de Vigo, que acaba por se converter no seu faro particular porque lle abre a porta a un mundo distinto e o axuda a atopar a luz das cores, evitando que afogue nas augas que ameazan con arrastralo irremediabilmente.

E é que os mares poden presentar ás veces desafíos, converterse no espazo simbólico da perda. Mirar cara o océano implica sempre unha pregunta imposible: cara onde levan as súas ondas? Na ausencia dos seres queridos, hai protagonistas capaces de enfrontarse con valor á friaxe do océano e atopar o consolo nalgún faro luminoso, ás veces invisible para os ollos dos demais. Por iso, o mar que baña estas dúas obras é o Mar da Esperanza, capaz de desafiar o medo causado polas augas, ás veces, como no caso Nena, só cun pequeno bote e moita fe; outras coa arte como luz e apoio, como se as cousas pequenas fosen ao final a única saída da negrura. Os faros, reais ou metafóricos, son un elemento habitual nas novelas con mar porque nos remiten a un dos devezos máis antigos do ser humano: atopar a luz na escuridade.

E con ela, a esperanza capaz de sustentarnos.

E do Mar da Esperanza imos pasar a un mar moi distinto.

3. O MAR DA MORTE E DA VIDA

Lugar da parada: letreiro do paseo Serpent



Letreiro do Paseo Serpent

Casualidade ou non, este paseo leva por nome Serpent. Con toda probabilidade, fai alusión ao HMS Serpent, un barco da mariña inglesa que afundiú preto do Faro de Cabo Vilán no ano 1890. Constitúe un dos naufraxios máis emblemáticos dos nosos mares e trasládanos á Costa da Morte, outro núcleo mariño de especial relevancia dentro da nosa LIX.

O HMS Serpent aparece nunha obra moi especial para min, a miña novela *Volverás golfiño* (Xerais, 2014). Nela cóntase a historia de Iris, que ten que mudarse á casa do seu avó na Costa da Morte. No faiado descubre un baúl que leva o seu nome e que provén dun naufraxio. O que non sabe é que tamén agocha o fantasma dun rapaz afogado que segue a buscar ao seu irmán, embarcado no

HMS *Serpent*. Nin que implica a posibilidade de ver golfinhos nas costas que rodean o seu novo fogar, tinguido noutrora pola negrura do *Prestige*.

O mar da Costa da Morte é tamén o mar de *Ardora* (Urco Editora, 2019), obra coa que Beatriz Maceda gañou o Premio María Victoria Moreno. En *Ardora* os protagonistas non son os golfinhos, senón as prodixiosas baleas. A protagonista, Nereida, vive un verán distinto na compañía da súa tía Lola, defensora da natureza. A contaminación dos mares por residuos plásticos ou a posibilidade de construír unha cidade futura ecolóxica son algúns dos motivos principais desta historia que aborda temas como respecto polos nosos mares ou a salvación de criaturas tan singulares como as baleas.

E de respecto e coidado da natureza falan tamén outras obras que forman parte deste Mar da Morte e da Vida. Por unha banda, atopamos *Candorcas e unicornios* (Galaxia, 2019) de María Canosa, na que unha rapaza diferente atopa consolo nestes seres a través dunha historia chea de lirismo e fantasía. E pola outra, *Xelís, o guieiro das botellas de mar* (Xerais, 2019) de Rosa Aneiros, que tamén aborda a temática do plástico nos mares e que foi merecedora do Premio Merlín por constituír un canto á imaxinación e ao ecoloxismo .

O Mar da Morte e da Vida é un mar dual porque agocha dentro de si mesmo unha riqueza inimaxinable, nin tan sequera explorada polo ser humano, e que periga precisamente pola súa negligencia. Estas catro obras son un exemplo do peso que o ecoloxismo ten na nosa LIX. Son historias enfocadas a espertar a sensibilidade dos lectores e lectoras, a dar resposta a preguntas que o noso mundo debe facerse con urxencia. Todas elas invitan a reflexionar sobre a necesidade de preservar as nosas augas para que nelas poidan nadar golfinhos, baleas ou candorcas, para que o mar siga a ser o lugar de Vida que queremos que sexa. A contaminación, a preservación das especies e o tratamento respectuoso das augas son motivos que se reiteran neste Mar da Morte e da Vida que promete seguir abraiándonos co seu prodixio sempre que sexamos capaces de conservar a biodiversidade do fondo mariño. Porque o mar é un espazo aínda ignoto, como veremos na nosa próxima parada, que nos descubrirá algunhas das súas sorpresas.

4. O MAR DO INESPERADO.

Lugar da parada: cala de Durmideras



Cala de Durmideiras

Algunhas veces a paisaxe garda recunchos sorprendentes como esta pequena cala de Durmideras na que imos falar dun mar moi especial: o Mar do Inesperado.

Disque o océano Atlántico leva o nome do deus Atlas, o titán que sostén o mundo nas súas costas. Pero tamén se conta que o océano Atlántico recibe o seu nome porque oculta baixo as súas augas a cidade perdida da Atlántida. Esa idea foi a que inspirou *A chave da Atlántida* (Xerais, 2011) de Anxo Fariña, gañadora do Premio Merlín 2011. Nesta historia futurista Eva e o seu tío Fran atopan un androide creado polos científicos do Proxecto Prometeo que os conduce á procura da Atlántida, entendida como un horizonte de futuro para a ciencia e a humanidade. A ficción esperta así lugares

durmidos no imaxinario colectivo, destapa segredos mergullados baixo as augas. E debuxa sobre as ondas o ronsel dos soños.

Precisamente destas augas da fantasía bebe Jacobo Fernández Serrano na súa obra *Mil cousas poden pasar* (Xerais, 2009) outro Premio Merlín que, nesta ocasión, nos traslada a un reino mergullado no que os fillos do rei do mar viven unha morea de aventuras tratando de atopar un agasallo para o seu pai. O extraordinario convértese en habitual nesta obra chea de fantasía e sorpresas na que o mar pasa a entenderse como aliado do prodixio.

Pero ás veces estes descubrimentos insólitos agochan aspectos importantes da nosa realidade. É o caso de *Tres bichicomas, dúas illas e unha serea* (Xerais, 2018) obra coa que Rosa Aneiros obtivo o Agustín Fernández Paz. A súa protagonista, unha nena chamada Edelmira, vese obrigada a pasar o verán co seu avó. As súas aburridas vacacións cambian coa chegada de dous nenos e co descubrimento do mapa das xoubas que os convirte en bichicomas, eses buscadores de tesouros arrastrados polas mareas. Ata que atopan algo verdadeiramente insólito nunha cova que muda o rumbo desta peripecia estival.

O Mar do Inesperado sorprende pola súa riqueza, pola súa viveza e polas súas infinitas vías de exploración. É o Mar máis propicio para as aventuras máxicas da infancia, esas que atrapan a mirada curiosa dos máis pequenos. As tres obras que baña o Mar do Inesperado son moi diferentes entre si, pero comparten na súa cerna a capacidade do abraio por aquilo que non vemos: a través da acción e da intriga, do humor, ou de cuestións máis apegadas á nosa realidade, a través da descuberta e dos soños. É este un mar que invita a deixar vagar a mirada sobre as augas, a xogar a adiviñar todo que se agocha dentro do noso pensamento, insondable como océano e, á vez, capaz de manifestarse no espello da superficie, abrindo espazos onde o xogo e a fantasía son a porta cara realidades distintas. Posúe valor en si mesmo como escenario de calquera situación imaxinable; preséntase como marco, pero tamén como personaxe capaz de abrazar ese extraordinario imaxinario que nos habita, de potenciar as nosas arelas de aventura, especialmente presentes no mundo da nenez.

E poderíamos consideralo oposto ao seguinte mar que imos visitar: o Mar da Historia.

5. O MAR DA HISTORIA.

Lugar da parada: monumento aos fusilados.



Monumento aos fusilados, Isaac Díaz Pardo

Chegamos agora a un lugar histórico, o monumento co que Isaac Díaz Pardo homenaxeou aos que foron fusilados neste mesmo lugar durante a guerra civil. O mar contén fragmentos da nosa historia, actúa como testemuña muda do que acontece nas costas ás que dá forma. E así permítenos viaxar desde a guerra civil a outras guerras, neste caso as derivadas da invasión napoleónica que nos levan a un clásico da nosa LIX: *The Coruna boats* (Xerais, 2004), de Xelís de Toro. O protagonista, Robin, acompaña as tropas do exército inglés de Sir John Moore quen, perseguido polas tropas francesas, inicia a retirada cara o porto da Coruña. Porén, deixan atrás a Robin, que terá que facer o mesmo camiño en soidade e que, na chegada á Coruña, tomará unha decisión que cambiará a súa vida irremediabilmente.

Dentro dos mares da historia atopamos que a nosa LIX tamén se interesa polas expedicións mariñas que cambiaron o devir dos tempos. É o caso de *A expedición do Pacífico* de Marilar Aleixandre, novela de aventuras que relata a viaxe dunha nena, Emilia, que se agocha como polisón nunha expedición científica que ten como misión explorar este océano. Unha expedición diferente, nesta ocasión de carácter médico, é a que aborda María Solar nos seus *Nenos da varíola*, que relata como os nenos da Expedición Balmis levaron no seu corpo a vacina contra esta enfermidade desde Coruña ata o novo mundo, nun periplo capaz de mudar a historia da ciencia.

Os mares da historia son as clepsidras silenciosas do noso percorrido sobre a terra e sobre as augas. Vivimos nun lugar historicamente vencellado ao devir dos océanos e resulta lóxico que este se reflecta nas historias da nosa LIX como un espello do noso percorrido colectivo. A través destas tres obras podemos medir o avance ou o retroceso dos tempos, mesmo reflexionar sobre o camiño que queremos escoller como sociedade. O porto da Coruña asistiu en silencio á batalla de Elviña e á retirada por mar das tropas británicas despois da caída de Sir Jonh Moore. E tamén abriu o camiño a que un grupo de nenos e nenas levasen no seu sangue a prevención de moitas mortes. Porque os mares da historia constatan fielmente a nosa natureza, tan ambivalente como a dualidade das súas augas.

E convídannos a continuar ata a seguinte parada do noso percorrido que tamén está vencellada coa historia, pero cunha historia moi distinta e por veces silenciada.

6. O MAR DAS MULLERES LIBRES.

Lugar da parada: grupo escultórico dos Menhires.



Grupo escultórico os Menhires, Manolo Paz

Chegamos agora a outro grupo escultórico, os Menhires de Manolo Paz. Estes menhires teñen a singularidade de posuír unhas aberturas polas que se pode xogar a contemplar as vistas desde distintas perspectivas, ao tempo que permiten a circulación do vento. Son como pequenas fiestras abertas cara o océano. Lémbrennos que o mar é tamén un lugar de liberdade para aqueles que soñan cun horizonte máis amplo, coa posibilidade de abrir a mirada cara o océano ata facela infinita.

Imos falar agora de tres historias de piratas moi pouco convencionais porque as tres están protagonizadas por mulleres. Empezamos con dúas obras gañadoras do premio Meiga Moira. A primeira é *Bandeiras Negras* (Baía, 2012) de Ana María Galego Gen que relata a historia de Providence, unha rapaza escrava que desafia os límites do seu tempo para seguir a Long John Silver

e converterse por dereito propio en muller pirata. E seguimos con *Denébola a Roxa* (Baía, 2016), de Héctor Cajaraville na que Denébola rexeita o seu destino de converterse en monxa para facerse o mar, rebelde como a cabeleira roxa que a marca desde nena debido ás crenzas dunha época marcada pola superstición. No seu periplo polos mares do século XVII, Denébola atopará unha vida distinta no Novo Mundo. Por último, non podemos esquecer *O tesouro da corsaria*, de Rafael Lema (Tambre, 2010), que relata historia de Raposa Vermella, única muller corsaria que navega polo Atlántico na procura do tesouro de Barbanegra e que, como Denébola e Providence, resulta unha singularidade (vermella) para o seu tempo.

As mulleres bravas son parte dos nosos mares e da nosa historia. Resulta significativo que todos estes autores escollesen mulleres valentes nun mundo de homes para representar a liberdade que o mar outorga a quen se atreve a miralo aos ollos como igual. Estas son as historias de mulleres desesperadas, sometidas polas circunstancias, que atopan no océano a única vía de escape, o punto de fuga desde o que trazar o seu propio destino. Co valor das súas almas conquistan o terreo inexpugnable que se abre, como unha fiestra, alén da terra e do ceo: a rebeldía das súas propias augas. O mar simboliza nestas historias a forza de quen non se deixa someter e se alza sobre os convencionalismos na procura dunha voz propia, dunha bandeira negra pero libre. Dunha moral nova tinguida da cor do océano.

Pero no mar non só existe espazo para a rebeldía. Tamén hai lugar para outros sentimentos que abalan nas súas augas docemente sostidos polas ondas. Son os mares do amor. E precisamente esa é a nosa seguinte parada.

7. O MAR DO AMOR.

Lugar da parada: grafitti de corazón.



Grafitti de corazón

Imos facer un alto neste *grafitti* con forma de corazón (pintado se cadra pola man dalgún adolescente namorado) para falar dun escritor que non pode faltar neste roteiro porque dedica a meirande parte da súa obra ao mar: Rivadulla Corcón. As súas historias adoitan ambientarse na Costa da Morte e conforman este Mar do Amor ou se cadra, sería mellor dicir, este Amor polo Mar porque nelas a auga parece converterse no marco perfecto para falar de sentimentos.

Falamos de *O noso amor será eterno* (Xerais, 2011), que relata en dous tempos unha historia baseada na lenda do trovador Bouserán e a súa amada Frolinda, ambientada na vila de Muxía. E tamén de *Amar unha serea* (Galaxia, 2011), un relato infantil cheo de poesía no que o protagonista,

Virucho, namora dunha serea que vai na súa clase e que, como todas as sereas, é singular porque non pode camiñar.

A fluidez da auga invita a falar de sentimentos, xa sexan paixóns capaces de superar os tempos ou pequenas historias cheas de tenrura. Desde antigo, os mares son confidentes de desvelos e, por forza, han de selo tamén dos nosos amores, cotiás ou eternos. Ou, talvez, somos nós os que namoramos dos mares ata converter os nosos amores en lendas percorridas de augas salgadas, en historias que atravesan horizontes.

E precisamente de lendas vai o seguinte mar do noso percorrido.

8. O MAR DAS LENDAS.

Lugar da parada: escultura Barca de Hércules.



Escultura Barca de Hércules, Gonzalo Viana

Esta estatua de Gonzalo Viana representa a Hércules na nave dos Argonautas cando parte na procura do Vellocoino de Ouro. Non se nos amosa como guerreiro, senón como un mariñeiro que chega ás costas galegas. Precisamente, unha das particularidades da nosa literatura é a de adoptar mitos e lendas universais ata facelas nosas. Así o fai Cunqueiro en moitas das súas obras, entre as que podemos salientar o clásico *Se o vello Simbad volveuse ás illas*. E de Simbad, o lendario navegante, é precisamente de quen imos falar neste mar de lendas que nos convida a mergullarnos nunha obra de Marcos Calveiro e noutra de Francisco Castro.

En *Sari, soñador de mares* (Tambre, 2006), obra coa que Calveiro se inicia na LIX, atopamos a Sari, un rapaz que embarca na procura do desaparecido Simbad, o seu amigo e mestre. Para atopalo,

Sari posúe un mapa cunha frase escrita polo propio Simbad: “os mares que soñes, navegarás”. Con esta premisa, Sari inicia un periplo que o levará moi lonxe, se cadra mesmo ás misteriosas illas Cotovías ou mesmo a comprender o enigmático corazón do propio Simbad.

Simbad é tamén protagonista da novela de Fran Castro, *Chamádeme Simbad* (Galaxia, 2006). Nela cóntasenos unha aventura distinta, a de Paulo. Paulo ten un avó que fai cousas raras e ao que lle falla a memoria pero que non esquece o importante: que el é un pirata e o seu neto Simbad o Mariño. As súas páxinas enfían historia de amor familiar e superación da adversidade, por inevitable que resulte.

O Mar das Lendas recupera a tradición literaria dos navegantes míticos, das historias exóticas e remotas para construír relatos que falan de entendemento e aceptación. Propón unha actitude de respecto e comprensión para achegarnos a mundos afastados da nosa sensibilidade, xa sexa a nivel xeográfico e cultural ou nun sentido emocional, como no caso da vellez. Ambas as dúas novelas achégannos a realidades descoñecidas que debemos aprender a contemplar sen prexuízo. Así o fai Sari ao longo da súa viaxe, cando se atopa con distintos costumes, culturas e relixións. E tamén Paulo, capaz de comprender o mundo dos maiores desde unha perspectiva integradora. Porque o amor cara os vellos e sabios mestres das nosas vidas, representados na figura de Simbad, é capaz de sosegar mesmo os mares máis feros e porque a compañía das persoas que constitúen os nosos referentes é a que nos convida a navegar todos os mares que sexamos capaces de soñar.

E co alento dos soños camiñamos cara a nosa seguinte parada.

9. O MAR MAIOR.

Lugar da parada: escultura a Copa do Sol.



Escultura Copa do Sol, Pepe Galán

Estamos na Copa do Sol do escultor Pepe Galán. Para os gregos, o sol trasladábase cada noite de oriente a occidente nunha copa, a mesma que Hércules pediu emprestada para capturar aos bois de Xerión. Non se me ocorre mellor escenario ca este para falar do Mar Maior, ese no que habitan os xéneros que habitualmente consideramos menores e que, pola contra, son tremendamente importantes: o teatro e a poesía.

Sen dúbida, o primeiro poeta do que debemos falar ao mergullarnos neste océano é do mestre Antonio García Teijeiro, poeta do mar na nosa LIX. *Poemar o mar* (Xerais, 2016), obra que lle valeu o Premio Nacional, é un exemplo da súa traxectoria literaria, pero hai moitos outros, todos eles

marcados pola súa sensibilidade e esa aparente sinxeleza que conduce ás profundidades de todas as augas e á altura de todos os ceos que se elevan, salgados, sobre os océanos das palabras.

Pero non só Antonio García Teijeiro fala de mar na súa poesía infantil e xuvenil, senón que tamén o fai Fran Alonso a través de obras como *Cidades* (Xerais, 1996) ou *O meu gato é un poeta* (xerais, 2011), que reflicten a importancia do mar na nosa paisaxe interna e externa.

No eido do teatro infantil resulta imposible non mencionar a Paula Carballeira (Galaxia, 2020), quen nos conta na súa peza dramática *Carabela* a historia dunha cociñeira que naufraga nunha illa de plástico chea de seres mutantes que a fan sentir moi soa. Ata que Carabela decide crear unha nena de plástico á que contar historias coas que aliviar a súa tristura.

A poesía e o teatro especialmente pensados para nenos e adolescentes son xéneros moi singulares que debemos coidar con especial delicadeza porque abren a mente dos lectores e lectoras máis novos cara mares insospeitados que dotan o pensamento de estruturas e visións novidosas, que afondan na sensibilidade e nas emocións, nesta alma que nos fai humanos. E, cando ao noso redor os mares se volven procelosos, son as súas letras as que nos convidan a seguir navegando cara o lugar no que sempre deberíamos atoparnos: dentro de nós mesmos.

E este Mar Maior, no que atopamos espazo para o íntimo, lévanos a outro moi especial: O Mar dos Segredos.

10. O MAR DOS SEGREDOS.

Lugar da parada: petróglifos de Punta Herminia, Pena do Altar



Petróglifos de Punta Herminia, Pena do Altar

Os petróglifos de Punta Herminia permaneceron moito tempo esquecidos, en parte por descoñecemento e en parte porque a erosión do mar e do vento foron esvaecéndoos ata facelos apenas unha pegada do que seguramente foron no seu día. Trátase, na súa maioría, de figuras cruciformes e non está clara a súa datación.

Facemos unha parada nesta Pena do Altar para falar precisamente do Mar dos Segredos. E é que algunhas veces a proximidade do mar agocha misterios insondables, antigos como a nosa propia existencia. Mergullámonos así en *O segredo da Pedra Figueira* (Xerais, 1992), obra clásica da nosa LIX da autora María Xosé Queizán. Nesta obra, Lazo unha rapaza de doce anos emprende unha viaxe coa súa tribo ata a Costa da Morte desafiando perigos míticos ata chegar a Findasol. Alí Lazo atopa a

Pedra Figueira e descubre que é a elixida para comprender un segredo capaz de revelar todo o ben, a luz e toda a verdade.

E precisamente Luz é o nome da protagonista do *Soño da Serpe* (Galaxia, 2019) do escritor e ilustrador Antonio Seijas que relata unha historia na que Luz, estudante universitaria, atopa na praia unha muller á que axudará na procura do seu pasado nunha aventura que as conduce a lugares inimaxinables a cabalo entre a terra e o mar, que oculta enigmas antigos e lendarios para os que as protagonistas non teñen resposta.

Son estas dúas historias singulares da nosa LIX porque abordan as preguntas transcendentales para o ser humano que habitualmente tendemos a desbotar nas novelas para nenos ou adolescentes. Ambas as dúas falan do misterio da existencia e fano incorporando elementos do folclore galego e compoñendo relatos cargados de maxia e misticismo que desembocan nun mar de segredos. Son estes os interrogantes que tal vez as civilizacións pasadas souberon responder e que deixaron abertos nas súas pegadas para aqueles que saiban descubrilos, en lugares tan especiais como este no que nos atopamos.

E con eles camiñamos xa cara o final do noso paseo, pero antes hai que facer unha última parada.

11. O ÚLTIMO MAR. *DE CANDO FUN SEREA.*

Lugar da parada: *Caracola* de Punta Herminia.



Escultura Caracola, Moncho Amigo

Rematamos o noso roteiro diante desta Caracola, obra do escultor Moncho Amigo, que resoa co eco do vento e do mar. Unha das cousas bonitas de ser escritora é poder acabar un roteiro cunha historia propia. Esta que vos vou contar aparece na miña novela *O que sei do silencio* (Xerais, 2018). A novela en trata do acoso escolar, pero intercala algunhas historias que transforman os contos de fadas tradicionais para falar de realidades profundas. E, como comezamos cunha serea, podemos acabar con outra, a protagonista do conto *De cando fun serea*.

Esta é para min unha historia significativa, tanto que tiven que crear unha narradora ficticia para poder relatala, a escritora Leaena Hiems.

No País dos Manxares Gorentosos as fadas de dentes afiados e os larpeiros trasnos deleitábanse a diario coas máis exquisitas comidas. Por todas partes había fornos e cociñas e as rúas recendían a cervo asado, a guiso de faisán e a mel de madre selva e bergamota. Con todo, o que máis gustaba ás fadas e aos trasnos era o sabor do peixe.

Certo día tivo lugar un acontecemento nunca visto: apareceu no río unha serea extraviada. Ninguén tivo compaixón da súa beleza. As fadas e os trasnos capturárona e despois reuníronse nunha asemblea para ver como repartir o que sería o manxar máis delicioso das súas vidas. Como a serea era algo pequena, os trasnos e as fadas decidiron que o mellor sería engordala. Construíron coa súa maxia unha enorme urna de cristal e enchérona con auga para manter á serea prisioneira. Despois fixeron quendas para alimentala. A natureza da serea era inalterable, polo que permaneceu igual de esvelta. Pero os trasnos e as fadas, incapaces de conter o seu apetito, comezaron a devoralas aos poucos. A serea sufría con resignación. Non falaba a lingua das fadas nin dos trasnos e por tanto non podía avisalos de que a súa carne era moi tóxica para outras criaturas.

Un día a serea recibiu unha chantada tan grande nunha cola que todos se deron de conta. Axiña se formou unha batalla entre trasnos e fadas e, no rebumbio, a serea volveu ser mordida tantas veces que perdeu a conciencia. Cando abriu os ollos descubriu que tiña un corte no brazo. Aqueles desalmados beberan o seu sangue como viño e agora xacían doentes no chan. Ninguén podía xa salvala.

O relato continúa na páxina 134 da miña novela *O que sei do silencio*. E tamén prosegue, do mesmo xeito que este percorrido, dentro de cada un e cada unha de nós. Así como todos estamos feitos de auga nunha alta proporción, estou convencida de que tamén levamos pingas de tinta diluídas no noso sangue. Que a literatura forma parte de nós desde tempos inmemoriais, que por iso nos fascina, atrapa e evade desde o máis tenro da nosa infancia. Que este océano nos percorre a todos e a todas, á marxe da nosa condición e idade, revelándonos o que descoñecemos ou, pola contra, afondando no seu misterio.

Unha última petición: lede LIX. Lede LIX cos nenos, nenas e adolescentes que formen parte das vosas vidas, pero tamén en soidade, como xénero capaz de sosterse a si mesmo, forte, capaz, necesario. Como literatura de Mar Maior, fonte de descuberta, de diversión. De riqueza.

E que os ventos vos sexan sempre favorables.